



Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

SESIÓN ORGANIZATIVA MANDATO 2019-2023

PERSONAL EVENTUAL

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

VISTO o acordado polo Pleno da Corporación na Sesión Extraordinaria do día 1 de xullo de 2019 sobre necesidades de persoal eventual.

VISTO o informe emitido pola Secretaría da Corporación con data 1 de xullo de 2019, así como o informe da Intervención Municipal respecto da existencia de consignación orzamentaria suficiente para facer fronte á asignación que comporta estes nomeamentos, en concreto na partida 912.11000, en relación ás prazas vacantes, reservadas a persoal eventual. ,

CONSIDERANDO o disposto nos artigos 29 e seguintes, e 201 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, artigo 12 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, artigos 22.2.i), 89, 90, 104 e 104 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 176 do texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril e os artigos 41.14 e 50.5 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

RESOLVO

PRIMEIRO. Nomear para o mandato 2019-2023, e con efectos 5 de xullo de 2019, para os seguintes postos reservados a persoal eventual, por considerar que as persoas nomeadas son as axeitas, a:

1.D. ABDÓN DORCA SANTOS, DNI nº 32834844-K -RESPONSABLE DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN: a retribución bruta anual será de 31.967,32 euros.

2.D. ANXO MARTÍNEZ TORRES, DNI nº 53488778-R-SECRETARIO PARTICULAR DA ALCALDÍA: a retribución bruta anual será de 27.109,46 euros.

SEGUNDO. As persoas nomeadas poderán ser cesadas ou separadas libremente pola Alcaldía en calquera momento do mandato da actual Corporación. En calquera caso, este persoal eventual cesará automaticamente cando se produza o cesamento ou





C O N C E L L O
D E
R I V E I R A
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento.

TERCEIRO. Notificar este nomeamento aos interesados para que no termo de TRES días tomen posesión dos seus cargos.

CUARTO. Facer público este nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, con especificación do réxime de retribucións e dedicación.

QUINTO. Dar conta ao Pleno na primeira sesión Ordinaria que celebre, cumprindo así co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Riveira, 5 de xullo de 2019.

O alcalde-presidente

Asdo. Manuel Ruiz Rivas

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30005B96600K5P2T7J8G0L8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 05/07/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/07/2019 11:28:35

DOCUMENTO: 20190375142

Fecha: 05/07/2019
Hora: 11:28

